



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

### *Aprobación definitiva da modificación da base de execución do orzamento reguladora das subvencións nominativas*

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2024, acordou aprobar inicialmente a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta das de execución do orzamento 2023 prorrogado, reguladora das subvencións nominativas, coa finalidade de engadir un apartado Bis.2, e, no caso de que se aprobe definitivamente o orzamento do exercicio 2024, a modificación entenderase realizada á base de execución cuadraxésimo sexta das do citado orzamento.

A aprobación definitiva do acordo, aos efectos de garantir a existencia de crédito, quedaba condicionada á aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito número 2/2024 por importe de 3.170.365,42 euros e do crédito extraordinario número 2/2024 por importe de 633.199,15 euros, cuxa aprobación definitiva publicouse no BOP número 144 de 29 de xullo de 2024.

Publicado o anuncio de exposición pública no Boletín oficial da Provincia núm. 128, de data 4 de xullo de 2024, no prazo de quince días de reclamacións non se presentaron alegacións fronte ao acordo de modificación, polo que de conformidade cos artigos 165 e 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, considérase definitivamente aprobada a mesma.

Segundo o disposto no artigo 171.1 do devandito Real decreto legislativo 2/2004, poderase interpoñer directamente contra a antedita modificación, recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a data seguinte á publicación deste anuncio.

O que se fai público para o xeral coñecemento e efectos.

Cambre, a 31 de xullo de 2024

A alcaldesa,

María Dolores Pan Lesta